

Barbantia achégase a Rianxo

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

A MAN

A [información precisa](#) para ter á vista: farmacias de garda, teléfonos e enderezos de interese, etc

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas que falan sobre O Barbanza.

[24/06/2005 14:25] O venres 24 de xuño ás 20.30 h., a Casa da Cultura de Rianxo acollerá a presentación do sexto número do suplemento cultural **A Voz de Barbantia**, así como do *Epistolario de Carmen Muñoz*, dona de Rafael Dieste, nunha edición de Xosé Luís Axeitos e Charo Portela, para *Edicións do Castro*. Este epistolario será presentado polos editores ademais de intervir Isaac Díaz Pardo, acompañando polo presidente da Asociación Cultural Barbantia, Antón Riveiro Coello e polo Alcalde de Rianxo, D. Pedro Piñeiro.

Non rematan aquí as ofertas culturais de Rianxo deste fin de semana. O sábado 25 de xuño, ás 12.30 h. no Cuartel Vello, presentase o libro *Trasmallo: o tesouro de Carraxe Sieiro*, de David Prieto (Gochi) e Juan Martín, coa presenza de Manel Cráneo, presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración ([AGPI](#)). Un volume de Banda Deseñada editado polo Concello de Rianxo no que se narra a busca que Trasmallo, Lois e Brais fan dun tesouro polas terras do Barbanza.

COMENTARIOS:

Hai 1 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Barbantia organiza en Ribeira unha mesa redonda sobre a tradución en Galiza](#)
- [O Hospital do Barbanza na cola da atención e investimento por habitante](#)
- [A Policía Local da bisbarra sumarase á manifestación en Compostela](#)
- [Presentación en Rianxo d'Os Hemisferios de María do Cebreiro](#)
- [As Confrarías de Arousa mobilízanse en Vilaxoán](#)
- [Convocada unha concentración en Ribeira en lembranza dun motorista finado recentemente](#)
- [Concello de Muros, suspenso en atención ao cidadán](#)
- [Deira optará a renovar o mandato como Alcalde de Boiro](#)
- [Chamamento á iniciativa privada do Barbanza a mollarse co Consorcio de Turismo](#)
- [Intenso xaneiro no recién nado Ateneo Valle Inclán de Ribeira](#)